



**CAMPAMENTO
VERÁN
ROSALÍA DE
CASTRO
2026**

XESTIÓN

- Organizamos e xestionamos o campamento ao completo.
- Preparamos e coordinamos a actividade xunto ao cliente: quendas, horarios, actividades, orzamentos etc.
- Elaboramos a documentación de posta en marcha: carteis, folletos, autorizacións, fichas médicas, roupa etc.
- Reunirémonos cos familiares para explicar o campamento se é preciso.
- Atendemos todas as dúbidas que teñan os familiares.
- Preparamos as inscricións e facémonos cargo de elas
- Estaremos en total comunicación co centro para calquer demanda que poida ter dende o Centro.
- Acondionaremos o espazo de realización antes do comezo e deixámolo recollido ao remate.
- GRUPO KOREMI ENCÁRGASE DE TODO.





ORGANIZACIÓN

O servizo está dirixido a nenos/as entre 3 e 12 anos de idade. Para maior seguridade e eficacia no desenvolvemento das actividades estableceranse grupos de participantes de forma homoxénea e por idade, adaptando as actividades a cada idade. En base ás inscricións, levarase a cabo a formalización dos grupos.

Organizaranse por idades (3-6, 7-9, 10-12), e unha vez avaliada a demanda existente, intentarase que a agrupación sexa o máis homoxénea posible.

ENTRADAS E SAÍDAS: A franxa horaría estará en consonancia co horario do centro, de 09:00 a 14:00 horas, coa aula matinal (8:00 -9:00) e aula mediodía (14:00-15:00)

¿QUEN SOMOS?

- O **GRUPO KOREMI** é un grupo de empresas formadas en 2003 froito das inqedanzas dun equipo de educadores/as que creron firmemente na posibilidade desaproveitada de formar parte do desenvolvemento global dende ámbitos non formais como as actividades o lecer educativo.

FILOSOFÍA DE EMPRESA

- Creer no Lecer educativo cuxa transversalidade baséase na calidade de todos os servizos que ofrecemos. Inspirámonos cada día na firme crenza de que o lecer é unha ferramenta educativa desaproveitada e polo tanto ante nós temos infinitas posibilidades de exprimir as súas virtudes.

KOREMI POR DENTRO



ESCOLA DE TEMPO LIBRE

A formación é parte da nosa columna vertebral. O 90% da nosa plantilla actual sae da nosa escola de formación



PROXECTOS E EVENTOS EDUCATIVOS DE GRAN ALCANCE

Volcamos gran enerxía en aportar ferramentas aos problemas que nos inquietan como a violencia de xénero na adolescencia ou a educación ambiental.



ACTIVIDADES DE LECER EDUCATIVO

Deseñar a diversión para ensinar é un reto que nos empurra cada día.
INNOVAMOS PARA PRACTICAR UN LECER DIFERENTE

¿POR QUE UN CAMPAMENTO EDUCATIVO-SERVIZO DE CONCILIACIÓN?

- Porque son unha alternativa de lecer educativo para nenos e nenas.
- Porque este tipo de actividades reporta beneficios indubidables para os/as seus/súas participantes.
- Porque está demostrado que a ensinanza cando se enfoca dende unha metodoloxía lúdica é a millor maneira de fixar coñecementos.

É por tanto, o mellor momento para que se dé resposta a esta necesidade que teñen os/as nenos/as e as familias cun servizo que proporcione unha resposta no período de verán ás familias.



EQUIPO EDUCATIVO DO PROXECTO

ESPECIALISTAS

O noso equipo noso equipo de lecer educativo está formado por un grupo de profesionais amplamente cualificado:

Directores/as e Monitores/a de Tempo Libre que á súa vez son titulados en: Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía, Animación Sociocultural, Técnicos/as en Educación Infantil, Técnicos en actividades físico deportivas.

Para o desenvolvemento da programación contamos cun gran equipo, avalado por unha ampla experiencia no trato cos nenos/as e experiencia no deseño pedagóxico e lúdico de actividades, que se caracteriza en todo momento por unha atención individualizada e personalizada.



TEMÁTICA DO CAMPAMENTO DE VERÁN.

Apostamos por un formato de servizo de campamento educativo-conciliación onde os/as nenos/as se mergullan nunha divertida, pero á vez educativa aventura. É por iso que ofertamos este formato onde estará estruturado para o fomento do coñecemento do patrimonio cultural e natural, a diversidade (en todas as súas variantes) e temas educativos polo que as actividades xirarán en torno ó centro de interese "APRENDE+".

Isto crea nos/as participantes unha gran ilusión e unhas gañas de descubrir o que día a día lles deparará esta viaxe.

As actividades lúdicas se combinarán cun importante traballo sobre o coñecemento do patrimonio natural e cultural e sobre a diversidade a través dos xogos, obradoiros, teatro, xincanas, actividades artísticas, musicais.

Ante o incremento das desigualdades unha das solucións pasa pola educación e, pola concienciación e que millor forma que facelo de maneira lúdica..

O equipo de monitorado encargado de desenvolver estas propostas dispón de grandes competencias para que os/as nenos/as poidan gozar das súas vacacións.

Este ano a maiores imos crear cada dúas semanas un "caos", no que persoaxes das diferentes estacións pérdense no noso cole. Por exemplo un grich en bañador..., entroido...



TEMÁTICA DO CAMPAMENTO DE VERÁN POR SEMANAS

1ª SEMANA (do 22 ao 26 de Xuño)

AVENTURA PIRATA (A Procura do Tesouro):

Talleres de parches e catalejos, gymkhanas de orientación buscando mapas do tesouro, e unha gran batalla de auga ("batalla naval").

2ª SEMANA (do 29 de Xuño ao 3 de Xullo)

SUPERVIVENCIA E TRIBOS: Construción de refuxios, talleres de nós, orientación con compás, manualidades e moitas historias.

3ª SEMANA (do 6 ao 10 de Xullo)

ACADEMIA DE MAXIA:

Creación de pociones, torneo de talentos máxicos, e clases de "artes escuras" (manualidades creativas).

4ª SEMANA (do 13 ao 17 de Xullo)

EXPLORADORES ESPACIAIS/GALÁCTICOS: Coñecemento de estrelas, construción de foguetes e xogos con luces.

5ª SEMANA (do 20 ao 24 de Xullo)

OLIMPÍADAS/DEPORTES: Competicións por equipos, substitucións con obstáculos, xogos acuáticos e entrega de medallas.

6ª SEMANA (do 27 ao 31 de Xullo)

VOLTA Ao MUNDO/CULTURAS: Talleres de cociña internacional, música, e bailes de diferentes países.

- Todas as semanas se o tempo o permite farán xogos de auga, así como tamén obradoiros de cociña relativos á temática que corresponda

PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES

Dentro do horario do programa do CAMPAMENTO DE VERÁN - SERVIZO de Conciliación se intercalarán actividades LÚDICO educativas DEPORTIVAS, XOGOS e OBRADOIROS, actividades e ao aire libre.

PRIMARASE SOBRE TODO QUE AS ACTIVIDADES SE DESENVOLVAN AO AIRE LIBRE OU EN ESPAZOS ABERTOS.



O HORARIO BASE do programa será é o seguinte:

HORARIO BASE	
08:00 A 09:00	MADRUGADORES
09:00 A 11:00	ENTRADA E PRIMEIRA ACTIVIDADE
11:00 A 11:40	ALMORZO E TEMPO DE LECER
11:40 A 13:30	SEGUNDA ACTIVIDADE, XOGOS, OU SAÍDAS
14:00 A 15:00	AULA MEDIODÍA OU FIAMBREIRA



6

SEGUROS: R.C. E ACCIDENTES

A empresa conta coa cobertura establecida pola Lei en termos de seguros. Así contamos cun seguro de R.Civil e un de accidentes que cubrirá calquera accidente dos participantes e os traballadores/as. Os familiares poderán consultar dita documentación.

**7**

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

A organización das nosas actividades conta con todos os requisitos establecidos pola normativa vixente en materia de protección de datos (LOPD 15/1999, de 13 de Decembro e RD 1720/2007, de 21 de decembro), en canto á observación de todas as medidas e protocolos esixidos para salvagardar a confidencialidade dos datos de carácter persoal dos/as participantes. Se terá en conta en todo momento que os/as participantes teñan autorizado, mediante formulario distribuído ao seu efecto, o uso de imaxes e fotografías dos mesmos.

A empresa está adecuada á LOPD e como tal, aparece rexistrada na Axencia Estatal de Protección de Datos e neste sentido todas as actividades que organizamos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE

En caso de accidente durante o desenvolvemento do servizo de conciliación establécese o seguinte protocolo:

1. Evitar a alarma e manter o control.
2. Valoración da lesión.

2.1. LESIÓNS LEVES. Lavar a ferida e primeiras curas co material da caixa de primeiros auxilios.

2.2. LESIÓNS GRAVES.

- Aplicar primeiros auxilios se fose o caso.
- Avisar ós servizos de emerxencias.
- O Coordinador/a do servizo encargárase de avisar á familia. Este/a (coordinador/a da empresa) será o encargado de dar parte á compañía de Seguros.
- Acompañar ó/á menor no seu traslado ó hospital ou centro médico ata que chegue a familia se é o caso.



9. SERVICIOS

Preparamos os campamentos adaptándonos ás necesidades particulares.

TEMPORALIZACIÓN



SEMANA

QUINCENA

MES COMPLETO

SERVIZOS EXTRA

Proporcionamos todos os
servizos extras
necesarios para que as
familias poidan conciliar
os seus horarios



AULA MATINAL

AULA MEDIODÍA



NORMATIVA PARA OS/AS PARTICIPANTES E FAMILIAS

PROTOCOLOS: FACER CASO ÁS RECOMENDACIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS, PROTOCOLOS E APELAR Á RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL DE CADA NÚCLEO FAMILIAR.

MOCHILA: Recomendamos que a roupa e todo o material vaia marcado co nome do/a rapaz/a. A organización non se fai responsable das posibles perdas e **a maiores o primeiro día recomendamos traer unha mochila de muda que quedará nese espazo todo o servizo.**

AUGA: Unha ou dúas botellas, preferiblemente en envase que conserve o frío.

CREMA SOLAR: xa posta na casa e un pouco máis para unha segunda posta durante o campamento, preferible sprai de fácil aplicación.

ALMORZO (MEDIA MAÑÁ): Recomendamos bocadillo e froita, **no caso de que o neno/a se quede á aula mediodía a familia pode optar por enviar máis comida para facer un segundo almorzo ou utilizar o servizo do comedor.**

GORRA e ROUPA: Recordamos que é un campamento de verán, polo tanto os nenos/as terán que vir con roupa cómoda para participar en todas as actividades propostas. O calzado se pode ser deportivo de sola grosa e con calcetíns.

BAÑADOR, TOALLA e CHANCLAS nos días que haxa xogos de auga, se manterá en todo o momento a seguridade na realización dos mesmos e se avisará con antelación cando se vaian realizar.

INSCRIPCIÓNS EN: <https://koremi.es/educa/campamentosurbanos/>
<https://forms.gle/ApzrWeNx5HKBLcbFA>



PREZOS E OPCIONS DE MATRICULA

OPCION DE MATRICULA do CAMPAMENTO DE VERAN

HORARIO	SEMANA		QUINCENA		MES	
	DEL CENTRO	EXTERNOS AL CENTRO	DEL CENTRO	EXTERNOS AL CENTRO	DEL CENTRO	EXTERNOS AL CENTRO
9 a 14h	70,00 €	85,00 €	100,00 €	110,00 €	195,00 €	205,00 €
8 a 14h / 9 a 15h	82,00 €	99,00 €	125,00 €	138,00 €	245,00 €	263,00 €
8 a 15h	94,00 €	113,00 €	150,00 €	166,00 €	295,00 €	321,00 €

- Será necesario un mínimo de 20 inscripciones para poder levar a cabo o campamento
- Desconto do 10% para irmáns/ás
- OFERTA ESPECIAL se traes un/ha amigo/a de fora da Escola





CAMPAMENTO DE VERÁN 2026

CONTACTO

**GRUPO KOREMI
R/CRONISTA RODRÍGUEZ
ELÍAS, 2, OFIC. 3. 36209.
VIGO.**

**WWW.KOREMI.ES
KOREMI@KOREMI.ES
685203756 -678415501**